

13.—Apróbase a certificación nº 1-final da obra: “Remodelación de instalacións deportivas no campo de fútbol de Vilariño, Nigrán”

14.—Rogos e preguntas: Non houbo.

O Secretario Xeral, Asdo. Carlos Cuadrado Romay.

2012009240

TURISMO RÍAS BAIXAS

O Presidente da Deputación de Pontevedra, mediante Resolución Presidencial nº 012118, de 01 de outubro de 2012, aprobou as seguintes bases:

BASES PARA A SELECCIÓN DE PEQUENOS COMERCIANTES INTERESADOS ENTOMAR PARTE NO PROGRAMA FORMATIVO “VENDER MÁIS NADAL” (OBRADOIROS PRÁCTICOS PARA PEQUENOS COMERCIANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA).

De conformidade coa proposta da xefa do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra, baseándose na liña de traballo “Formación e cualificación do sector comercial” do Plan Director de Comercio 2009–2012 e nas demandas detectadas e recibidas por parte dos pequenos comerciantes da nosa provincia así como das asociacións e organizacións que os representan, a Deputación de Pontevedra convoca o programa formativo “Vender máis Nadal” coas seguintes bases:

A N T E C E D E N T E S

A Deputación de Pontevedra a través da súa Área de Comercio, dentro do Servizo de Turismo, traballa por impulsar e fortalecer a dinamización do turismo e do comercio como sectores estratéxicos na nosa provincia.

Na actualidade o pequeno comercio representa o 82% da actividade comercial da nosa provincia, o que supón unha presenza moi relevante no seu tecido produtivo.

A institución provincial pon en marcha os obradoiros temáticos “Vender máis Nadal”, unha formación práctica e específica, deseñada para os pequenos comerciantes coa que se busca impulsar e dinamizar o noso comercio tradicional. De carácter gratuíto e impartidos en formato intensivo de fin de semana buscando a maior compatibilidade coa xornada laboral comercial.

1. OBXECTO

Estas bases teñen como obxecto establecer as pautas para a selección dos pequenos comerciantes interesados en tomar parte no programa formativo “Vender máis Nadal”.

2. DESTINATARIOS

Poderán ser beneficiarios destes obradoiros formativos os empresarios autónomos e os propietarios e titulares de sociedades mercantís dedicadas ó pequeno comercio que desenvolvan a súa actividade na provincia de Pontevedra e que reúnan os seguintes requisitos:

Que a actividade económica estea incluída nos epígrafes 64, 65 y 66 do Imposto sobre Actividades Económicas ou na rama 52 da CNAE

Ter capacidade de decisión sobre o punto de venda

Cando se desenvolvan varias actividades nun mesmo establecemento, entenderase por actividade principal a que resulte de verificar a maior facturación por actividades da empresa. De non ser posible esta verificación, entenderase como actividade principal á que se lle dedique maior superficie de venda.

Requisito específico para o seminario “Renova o teu comercio Low Cost”:

A superficie da sala de vendas dos comercios dos participantes non poderán superar os 100 m2

3. INCOMPATIBILIDADES

Non poderán tomar parte na actividade establecementos comerciais que traballen baixo o modelo de negocio de franquía e/ou cadea comercial.

4. CARACTERÍSTICAS DA FORMACIÓN

Os obradoiros temáticos gratuítos “Vender máis Nadal”, compostos por sesións eminentemente prácticas, desenvolveranse na nova aula-taller de formación que a Deputación de Pontevedra vén de habilitar no 2º andar do Edificio Administrativo. Un espazo inspirado nun escenario de vendas real.

Os grupos serán reducidos debido á materia concreta que se vai tratar e ás esixencias de asistencia personalizada ós alumnos por parte dos docentes. Cada alumno poderá traballar o seu caso persoal coa axuda dos docentes nun contorno real de traballo.

Os alumnos deben levar ós obradoiros unha bata de traballo e fotografías recentes en formato dixital de: fachada, escaparate, paredes e interior do seu comercio, de día e de noite.

A Deputación de Pontevedra cubrirá os custos do material preciso para desenvolver as propostas creativas (papelería, paquetería, ferramentas, pinturas, lazos...).

Características específicas para o seminario “Renova o teu comercio Low Cost”:

Os participantes deben levar un plano completo da planta do seu comercio coas medidas (pode ser un plano debuxado á man).

Aconséllase achegar a máxima información visual posible do aspecto do seu comercio (un plano da fachada, do escaparate e das paredes), as medidas do espazo e do mobiliario actual.

Esta información axudará a conseguir un maior detalle nas propostas e formulacións que os docentes fagan para o establecemento e contribuirán moi positivamente ó aproveitamento do seminario.

5. PROGRAMA FORMATIVO

“Renova o teu comercio Low Cost”, 28 e 29 de outubro

Programa de formación consultivo, creativo e 100% práctico dirixido ós pequenos comerciantes que queiran mellorar o atractivo comercial do seu negocio cun baixo investimento.

Máximo 12 alumnos

“Espazos que venden”, 4 e 5 de novembro

Obradoiro práctico de escaparatismo e paquetería de Nadal centrado no traballo da animación comercial estacional como elemento estratéxico e clave dinamizadora das vendas.

Máximo 15 alumnos

“O teu comercio en Nadal”, 11 e 12 de novembro

Obradoiros prácticos de escaparatismo, decoración e paquetería de Nadal, cos que os comerciantes aprenderán a crear decorados capaces de atraer de xeito eficaz a atención dos clientes co obxectivo de incrementar as súas vendas.

Máximo 15 alumnos

“O teu comercio en Nadal”, 18 e 19 de novembro

Máximo 15 alumnos

“O teu comercio en Nadal”, 25 e 26 de novembro

Máximo 15 alumnos

6. DOCUMENTACIÓN

As inscricións formularanse mediante unha solicitude asinada polo representante legal do comercio, segundo o modelo normalizado de solicitude dispoñible na web *www.depo.es*, xunto coa seguinte documentación:

1. Fotocopia do documento nacional de identidade ou calquera outro que o substitúa
2. Fotocopia cotexada do CIF/NIF do comercio

De conformidade co establecido no artigo 71º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nas bases reguladoras ou na convocatoria, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, de non o facer así, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra:

Pazo provincial: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a venres de 8:30 a 14:30 h e de 17:00 a 19:00 h; e sábado de 9:00 a 13:00 h)

Sede Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres de 9:00 a 13:00 h)

Ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo límite para a presentación das solicitudes será o luns da mesma semana na que teña lugar o seminario/obradoiro no que o solicitante se inscriba.

8. SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

As prazas para participar en cada un dos obradoiros completaranse seguindo o criterio de orde de entrada das solicitudes no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra.

Cada persoa poderá tomar parte nun único obradoiro desta convocatoria. De presentar máis dunha solicitude terase en conta a que resulte beneficiaria do primeiro obradoiro que se desenvolva.

Para cada un dos obradoiros formativos elaborárase unha lista de agarda composta por 10 persoas máis.

O luns da mesma semana na que se leve a cabo publicarase na páxina web da Deputación de Pontevedra a listaxe de admitidos.

No caso de que algún beneficiario renuncie á súa praza, este poderá ser substituído polas persoas que figuren nas listas de agarda.

A concorrencia na presente convocatoria implica a completa aceptación das súas bases.

9. ORZAMENTO E PUBLICIDADE

O orzamento previsto para esta actividade é de 14.800 € (actividade de formación exenta de IVE segundo o art. 20.1.9ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido), que se efectuará con cargo á aplicación orzamentaria 12/433.431.227.06 do vixente orzamento provincial.

Os participantes permitiránlle á Deputación de Pontevedra facer uso da documentación, deseños e material audiovisual que se xere durante o desenvolvemento dos obradoiros de formación.

10. RECLAMACIÓNS

Contra estas bases poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o órgano que as aprobou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó que se diten.

11. DEREITO SUPLETORIO

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido nas bases de execución do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012 e a lexislación aplicable.

12. PRAZO DE VIXENCIA

Estas bases terán vixencia durante o exercicio 2012.

Pontevedra, 01 de outubro de 2012.—O Secretario, ilexible.

2012009201**AYUNTAMIENTOS****PONTEVEDRA****A N U N C I O**

RESOLUCIÓN DO 03/10/2012 DE CONVOCATORIA PARA O LEVANTAMENTO DAS ACTAS DE PAGAMENTO E OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROCEDIMENTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA POR TAXACIÓN CONXUNTA DOS TERREOS INCLUÍDOS NO ÁMBITO DA UNIDADE DE ACTUACIÓN Nº 24 DO PXOU DE PONTEVEDRA, ENTRE AS RÚAS FRANCISCO TOMÁS Y VALIENTE, CONDE DE BUGALLAL E RÚA DE NOVA APERTURA, EN EXECUCIÓN DO PERI DA UA 24 E DAS ESTIPULACIÓNS DO CONVENIO ASINADO COA XUNTA DE GALICIA EN DATA 10/05/2010, PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO EDIFICIO XUDICIAL NA ZONA DA PARDA.

O Concelleiro de Goberno responsable da Área de Facenda e Medio Ambiente, por delegación do Excmo. Alcalde de data de 13 de xuño de 2011, ditou, o 03 de outubro de 2012, resolución coa seguinte parte dispositiva:

“Primeiro.—Convocar e citar aos titulares dos bens e dereitos afectados polo procedemento de expropiación forzosa por taxación conxunta dos terreos incluídos no ámbito da unidade de actuación número 24 do PXOU de Pontevedra, entre as rúas Francisco Tomás y Valiente, conde de Bugallal e rúa de nova apertura, en execución do PERI da UA 24 e das estipulacións do convenio de colaboración asinado coa Xunta de Galicia en data 10/05/2010, para a construción dun novo edificio xudicial na zona da Parada, para proceder ao levantamento das actas de pagamento e ocupación.

O levantamento das actas de pagamento dos seus predios efectuarase na sala de comisións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Pontevedra, situada no terceiro andar da rúa Michelena nº 30, en Pontevedra, no día e na hora que se fixa no seguinte cadro:

FINCA	TITULARIDADE	DÍA	HORA	REFERENCIA CATASTRAL
4 (Porción)	Rafael Córdoba Piñeiro e Dolores Muñíos García	17/10/12	09:30	0272418NG3907S
5	María de las Mercedes Otero Rodríguez, Fernando Cuiñarros Pintos, María Eva Outón Veloso e Sindo Javier Cuiñarros Pintos	17/10/12	09:50	0272419NG3907S
6 (Porción)	Mercedes Martínez Domínguez	17/10/12	10:10	0272421NG3907S
7	José Luis Pedrouso Vidal	17/10/12	10:30	0272423NG3907S
8	Descoñecida (Ministerio Fiscal)	17/10/12	10:50	0272424NG3907S
16 (Porción)	Litixiosa entre Claudina Portas Arís e Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Ministerio fiscal)	17/10/12	11:30	0272453NG3907S
9	Carmen Piñeiro Durán, Concepción Piñeiro Durán, Cándida Piñeiro Durán e Manuel Piñeiro Durán	17/10/12	11:10	0272425NG3907S
11 (Porción)	Juan Manuel Estévez Otero e Pilar Freijeiro Muñiz	17/10/12	11:50	0272427NG3907S
12 (Porción)	Juan Manuel Estévez Otero e Pilar Freijeiro Muñiz	17/10/12	12:10	0272427NG3907S
13 (Porción)	Os Regos Promociones SL	17/10/12	12:30	0272429NG3907S
14 (Porción)	Mercedes Tomé Loureiro e Marina Tomé Loureiro	17/10/12	12:50	0272430NG3907S
10 (Porción)	Construatuatro SA	17/10/12	13:10	0272426NG3907S

Así mesmo, o levantamento das actas de ocupación terá lugar na mesma data e hora, de seguido ou a continuación da correspondente acta de pagamento, agás que o prezo xusto tivera que ser consignado. Neste suposto levantarase a acta de pagamento o día 19 de outubro ás 12:30 horas.

O pagamento verificarase mediante talón nominativo ao expropiado/a e, en todo caso, nos termos do artigo 48.2 da LEF.